

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 30/08/2021**  
**(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

LINO MOURIÑO SANTIAGO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA ACCTAL**

ROSA M.<sup>a</sup> OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 30/08/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .  
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 23 de agosto de 2021, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2021/3027**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Cesar Paz SL para o subministro de materiais e man de obra para reparación de Paseo Marítimo de Vilaxoán (acondicionamento rampla de acceso á Praia de Canelas) , por un importe total de 2.843,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 134.22699.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/3117**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por COPRAROSA SL para subministro de material para reparación e mantemento de beirarrúas durante o exercicio de 2021, por un importe total de 12.648,57 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.210. Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/3118**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PEYCAR PONTEVEDRA SL para subministro e dotación de uniformidade para axentes da Policía Local, por un importe total de 1.602,04 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2021/3119**

Dáse conta do escrito presentado por D. Aarón Montes Rubio, solicitando autorización para instalar un posto de churros de 2x1m. os fins de semana e festivos, propoñendo varias situacións (Rúa Valentin Viqueira confluencia Rúa Alcalde Rey Daviña ou Parque Miguel Hernández, nas inmediacións do posto de xeados). Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización solicitada xunto ao posto de xeados do Parque Miguel Hernández, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá estar en posesión da documentación da documentación pertinente para exercer dita actividade.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Rendas.

### **PRP2021/3121**

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Salvador Souto Tizón, solicitando a sinalización dunha reserva para uso de discapacitados fronte ao nº 93 da Avda. Agustín Romero.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que nas inmediacións non hai reservas para persoas con discapacidade, considerando que non é unha zona moi apropiada debido ao elevado porcentaxe de pendente da rúa.

Dado que a Rúa na que se solicita está no trazado da PO-301, de titularidade da Xunta de Galicia, a Xunta de Goberno Local acorda remitir a solicitude ao Organismo titular da vía aos efectos oportunos.

### **PRP2021/3122**

Dáse conta de escrito presentado por CP BETANIA 1 solicitando información sobre a instalación dunhas cámaras de seguridade na Empresa Transportes Torro (Rúa Rosaleda 1) que ao parecer se enfocan e gravan á vía pública.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Concello non ten competencias na concesión de permisos para ditas instalacións, debendo dirixirse á Subdelegación do Goberno de Pontevedra, que é o organismo competente para este tipo de instalacións.

### **PRP2021/3123**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con queixas recibidas por falta de sinalización na Rúa Veiga de Lamas que provoca a circulación, por erro, de algúns vehículos en sentido contrario á orde da marcha, como consecuencia da falta de sinalización en varias interseccións.

Realizada inspección por todas as interseccións confirman que na intersección da Rúa Illa de Cortegada con Veiga de Lamas non existe ningún sinal que prohíba o xiro á dereita polo que pode inducir a erro aos condutores e propoñen a instalación de sinal vertical R 400 B, estando debidamente sinalizadas o resto das interseccións.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de sinal R400B na intersección da Rúa Illa de Cortegada con Veiga de Lamas.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

#### **PRP2021/3124**

Dáse conta do recurso de reposición presentado por D. Mario Alberto Gil Graña contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de xuño de 2021 en relación con feitos acaecidos o día 13 de marzo de 2021 ao realizar unha inspección no establecemento Sama-Sama, na zona TIR.

A Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso de reposición presentado, mantendo o acordo de 7 de xuño de 2021 nos seus propios termos.

#### **PRP2021/3125**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dexis Emprogal Safety, para o subministro de 1.000 boquillas e 40 boquillas de válvula de non retorno para a realización de probas de alcoholemia, por un importe total de 872,41 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/3126**

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Ameixa Rock, solicitando autorización para celebración do festival de música "oitava Edición da Ameixa Rock 2021", o día 4 de setembro de 2021, así como a colaboración municipal (cartelería, conexión eléctrica, escenario, tarima, cadeiras, valos, carpas, reserva de estacionamentos).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19, vixentes.

#### **PRP2021/3127**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con un sinistro de circulación ocorrido o día 17 de agosto de 2021, sobre as 14:00 horas na Rúa Santiago, causando danos na escalinata do atrio da Igrexa de Carril.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/3128**

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan M. Fajardo Recouso, en representación do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común solicitando información sobre a situación da concesión do Parking Xoan XXIII, situación concursal, incumprimento da empresa, débedas da empresa, etc.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que por parte da Concesionaria Promociones Inmobiliarias del Pisuerga SA se formalizou demanda ante o Xulgado do Contencioso

Administrativo nº 3 de Pontevedra, coa data de 22 de marzo de 2021 solicitando do Concello a resolución e liquidación do contrato para a construción e xestión do servizo municipal de estacionamento soterrado para vehículos na Praza de Xoan XXIII. Debe reseñarse que o 17 de febreiro de 2010 o Xulgado do Mercantil nº 4 de Madrid, declarou o Concurso Voluntario de PROINSA e o 12 de febreiro de 2019 o devandito Xulgado aprobou o plan de liquidación de PROINSA. Na actualidade debido ao contencioso interposto en marzo de 2021 por PROINSA, o Concello estará ao que se dispoña na sentenza xudicial sobre este asunto.

#### **PRP2021/3129**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Manuel Pérez Castro solicitando limpeza da beirarrúa na Praza da Estación nº 1.

Dáse conta de escrito de D. José Manuel García Freijeiro de resposta ao Sr. Pérez Castro no que indica que a limpeza da beirarrúa da Praza da Estación se fai de luns a sábados, mediante varrido manual e baldeo mecánico un día á semana. O tramo que comprende o nº 1, ten 1,5 m. de ancho por 20 de longo sen saída, remata diante dun muro dunha finca, atopándose a maior parte dos días con vehículos aparcados que impiden o paso da máquina por baldeo mecánico para proceder á súa limpeza. Por tanto ese tramo de beirarrúa baldeouse de forma manual o pasado día 19 de agosto de 2021.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicar o presente acordo ao Sr. Pérez Castro.

#### **PRP2021/3130**

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2021 de aprobación do orzamento de Cosital Pontevedra para a renovación de contrato de seguro de responsabilidade civil e defensa xurídica das habilitadas nacionais Dona Rosa Losada Suárez (Secretaria Xeral) e Dona M<sup>a</sup> Carmen Castro Louzao (Tesoureira).

Onde dí:

Por importe total para ambas habilitadas de 212,84€ (106,42€ cada unha)

Debe dicir:

Por importe total para ambas habilitadas de 364,48€ (182,24€ cada unha).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda correxir o citado erro, así como o recoñecemento de obriga por importe de 364,48€ en base á prima xa contratada cos novos prezos indicados.

#### **PRP2021/2403**

Dáse conta do convenio de cooperación a subscribir para o presente ano 2021 entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, polo que o Concello se compromete a aboar á Agrupación a cantidade de 65.000 € para facer fronte aos gastos derivados de actividades que se enumeran no citado convenio a realizar durante o ano 2021.

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do citado convenio así como do gasto e o recoñecemento de obriga polo importe do 50% (32.500 €) con cargo á partida 135.489.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2021/3105**

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de agosto de 2021, a Xunta de

Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigación a favor de Bonecos Vilagarcía, S.L., polo importe de 23.146,48 € con cargo á partida 323.48007.  
(EXPTE: EIMXESTION/2021/0003 -- SS/2021/000127)

## **EMPREGO**

### **PRP2021/3131**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego Labora Xove 2020, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Pedro Pablo Gutierrez Buján para impartición do curso de Formación básica en Seguridade Marítima para a especialidade de "Socorrismo en Espazos Acuáticos e goberno de embarcacións de salvamento", de 70 horas de formación, por un importe total de 4.250,00 €, con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2021/3132**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego Labora Xove 2020, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Maderas J. Redondo SL para o subministro de material (taboleiro fenólico Okume WBP) para a realización de casa de Nadal para o obradoiro de emprego, por un importe total de 1.200,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2021/3133**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego Labora Xove 2020, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Ara Negocios SL para impartición do curso de "Creación de Empresas" para as especialidades do obradoiro de emprego, de 20 horas de formación, por un importe total de 700,00 €, con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2021/3135**

Dáse conta do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a contratación de Auxiliares de Policía Local Durante a Tempada de Verán 2021, segundo o cal a Xunta de Galicia concede unha achega de 7.000,00 € para o ano 2021.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio de colaboración.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2021/3111**

Vista a proposta das Concelleiras de Educación e Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases Reguladoras do outorgamento de axudas para estudantes universitarios/as e de ciclos superiores de formación profesional que, residindo en Vilagarcía de Arousa, realicen os seus estudos fóra do termo municipal no curso 2020/2021, cun orzamento total de 60.000,00 €, con cargo ás partidas 231.48003 (30.000,00 €) e 320.48003 (30.000,00 €), cos seguintes tipos de axudas:

- Estudos Universitarios: axuda 400 €
- Estudos Ciclos Superiores ou UNED: axuda 200 €

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2021/3109**

Na Xunta de Goberno Local do 02 de agosto de 2021 adoptouse o acordo de aceptación da subvención convocada ao abeiro da Orde do 8 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións públicas con cargo aos orzamentos xerais do Estado na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas para o proxecto “subministración con instalación de reixa con areeiro nos bombeos de augas residuais principais de Vilagarcía: Vilaxoán, Carril, Praza 1, Praza 2 e Composan”

Solicitáronse presupostos ás seguintes empresas para a execución da obra: ALDIESA S.L.U por unha cantidade de 16.153,50 € (IVE incluído), MARCONSA por unha cantidade de 16.335 € (IVE incluído) e DIEGUEZ S.L. por unha cantidade de 16.335 € (IVE incluído).

Segundo o acordo de concesión da subvención o IMPORTE SUBVENCIONADO é de 12.000 euros.

Por isto a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación da execución da obra á empresa ALDIESA S.L.U por unha cantidade de 16.153,50 euros por ser a empresa economicamente máis vantaxosa e a aprobación da achega municipal de 4.153,50 euros (diferenza entre o importe subvencionado e o que resulte da adxudicación), con cargo á partida 161.61900.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/3137**

Dáse conta de solicitude de prórroga para a realización dos traballos e presentación da documentación xustificativa en relación coas axudas municipais á proxectos de actuación preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2021.

No BOPPO de 20 de xuño de 2021 publicáronse as bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes para o ano 2020.

Na base 5.1 das mencionadas bases establece que se fixa como data máxima para a execución das accións para xustificar e para a presentación da documentación xustificativa e finalización do período de xustificación o 20 de outubro de 2021.

As comunidades de Montes manifestaron ao Concelleiro de Medio Ambiente a necesidade de que se amplie o prazo para a realización dos traballos e presentación da documentación xustificativa ata o 30 de novembro de 2021.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda concederlles unha prórroga para a realización dos traballos e presentación da documentación xustificativa ata o 30 de novembro de 2021.

## **TURISMO**

#### **PRP2021/2691**

A Concellería de Turismo está a organizar, xunto con AHITUVI, a iniciativa ÁS NOVE NA PRAIA, que consiste nunha serie de concertos, no final do día e nas inmediacións do pinar da praia da Concha-Compostela, e que xa se ven desenvolvendo dende hai varios anos e con unha moi boa aceptación por parte do público.

Co obxecto de facer ese espazo do pinar máis agradable e dotalo dunha luz suave.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa DIPETRINTA, S.L., por importe de 826,67 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.62500, para instalación de guirnaldas lumínicas. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2021/3092**

Vista a proposta da Área de Igualdade en relación coa gravación e retransmisión en streaming do Faladoiro “A muller e o humor na escena” e o monólogo posterior “Beni Barciela: consulting feminista” que se vai desenvolver o vindeiro 16 de setembro ás 19,00 na sala de conferencias do Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Pablo Jueguen García, por importe de 423,50 €, con cargo á partida 2312.226.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2021/3094**

Dáse conta da realización pola Deputación Provincial, dentro do programa Mulleres en Acción Violencia Zero da acción denominada Libre creada ex profeso para este programa e que será desenvolvida pola violoncelista e improvisadora Macarena Montesinos, que se desenvolverá o día 28 de setembro, ás 12 horas, na Praza de Galicia, sendo facilitados os medios técnicos necesarios pola propia Deputación Provincial.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

#### **PRP2021/3115**

Considérase que, dada a situación actual, coas limitacións nos aforos, a necesidade de manter distancias de seguridade e a obrigatoriedade da recollida dos datos das persoas asistentes, é recomendable a utilización da plataforma Ataquilla para a distribución de entradas, dos seguintes eventos, dado que se preve unha alta de asistencia, sendo os aforos máximos, unha vez aplicadas as restricións Covid, os seguintes:

- o venres 17 de setembro, “Tremendas Comedy by” espectáculo cómico feminino de micro aberto, no Salón García cun aforo de 100 persoas. Aprobado en Xunta de Goberno (PRP 2021/2932)
- o venres 24 de setembro, “Doce uvas, dúas mulleres e unha oliva” representación teatral, no Auditorio municipal cun aforo de de 350 persoas. Aprobado en Xunta de Goberno (PRP 2021/2932)

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda a contratación do servizo de distribución de entradas de actividades gratuítas na plataforma Ataquilla.com dentro da semana “Muller e cultura” organizada por esta área, a favor de Fundación Galicia Obra Social, por un importe total de 121,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CULTURA**

#### **PRP2021/3112**

Vista a solicitude da Asociación Cultural Comisión de Festas Santa Marta, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello coas seguintes actuacións, con cargo á

partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Santa Marta en A Laxe os días 27, 28 e 29 de agosto de 2021:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa, días 28 e 29 de agosto, por un importe total de 616,00 €
- Actuación da Coral Santa Eulalia o día 29 de agosto, por un importe de 335,00 €

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2021/3113**

Vista a solicitude da Comisión Santa María de Guillán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de Santa María en Guillán o vindeiro día 11 de setembro de 2021:

- Actuación do Grupo de Gaitas Treboada da Asociación Cultural Folclórica Unión Piñeira de Guillán, por un importe de 315,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2021/3107**

Coa data de 13 de agosto de 2021, D. José Manuel García Freijeiro, en representación de Ferrovial Servizos SA presenta escrito indicando:

CESPA, S.A., é a concesionaria do SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE LIXO Ó VERTEDEIRO, LIMPEZA VIARIA, PRAZAS, PARQUES E XARDÍNS PÚBLICOS, E PRAIAS DO CONCELLO, con inicio de prestación do servizo no ano 1993, que logo se ampliou cunha restructuración do servizo no ano 2000, e que finalizou o contrato no ano 2018, encontrando-se actualmente en prorroga forzosa ata a licitación de un novo contrato. Dado que a maior parte dos vehículos e maquinaria teñen mais de vinteun anos de servizo, moitos están totalmente inservibles e outros teñen avarias que pola súa gravidade (principalmente motores gripados) fan totalmente inviable a súa reparación.

Para seguir prestando o servizo, esta empresa, está traballando con medios da súa propiedade, substituindo aqueles que están fora de uso. Isto provoca a duplicidade de medios materiais, o que acarrea unha limitación moi importante de espazo nas instalacións do Polígono Industrial de Trabanca Badiña.

Polo anteriormente exposto, solicito autorización para dar de baixa definitiva en Tráfico e posterior entrega o xestor autorizado, dos seguintes vehículos e maquinaria que detallo a continuación:

VEHÍCULOS/MAQUINARIA FORA DE USO

MATRICULA	MARCA	MODELO	ANO MATRICULACION
-----------	-------	--------	----------------------



PO1643BT	PIAGGIO	PORTER D	2.000
E2854BBJ	BUCHER	CITY CAT 2000	2.000
PO1642BT	OPEL	COMBO	2.000
1936GRR	OPEL	COMBO	2.009
PO5525AU	RENAULT	CISTERNA REGO	1.993

Visto o informe do Encargado de mantementos municipais, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a baixa definitiva dos citados vehículos.

### **PRP2021/2753**

No Diario Oficial de Galicia número 4, do 8 de xaneiro de 2021, publicouse a Orde do 18 de decembro de 2020, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

A Xunta de Goberno Local aprobou a memoria valorada denominada “ampliación de hidrantes no parque empresarial de trabanca badiña”, redactada polo Sr. Enxeñeiro Técnico Óscar Álvarez González, cun orzamento de licitación de 13.488,27 € (IVE engadido). Solicitando o seu cofinanciamento con cargo á subvención para a habilitación e mellora de infraestrutura dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Por Resolución, do 07 de xullo de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, concedeuse ao concello de Vilagarcía de Arousa subvención, para o investimento arriba referido, por importe de 10.460,62€.

Foron solicitados orzamentos ás empresas que a seguir se indica, co seguinte resultado:

Empresa	Oferta sen IVE	IVE (21 %)	Oferta con IVE
ESPINA Y DELFIN, S.L (B15026693)	10.812,91 €	2.270,71€	13.083,62 €
SEGURIDAD MAR, S.L. (36632552)	9.214,69 €	1.935,08 €	11.149,77 €
SEGURIDADE A1, S.L	Non presenta oferta		

Aplicados os criterios de valoración (prezo) previstos na comunicación na que se lle solicita a oferta o resultado é o seguinte:

Empresa	Oferta sen IVE	IVE (21 %)	Oferta con IVE	Puntuación
ESPINA Y DELFIN, S.L (B15026693)	10.812,91 €	2.270,71€	13.083,62 €	17,30 puntos
SEGURIDAD MAR, S.L. (36632552)	9.214,69 €	1.935,08 €	11.149,77 €	100 puntos

O prazo de execución será de 1 MES.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de ampliación de hidrantes no parque empresarial de trabanca badiña”, á mercantil SEGURIDAD MAR, S.L. (NIF: B36632552) por un importe de 9.214,69 € (IVE excluído), ó que lle corresponde un IVE (21%) de 1.935,08 € ó que totaliza un prezo (IVE engadido) de 11.149,77 €, con cargo á partida 433.62300.

2.- Nomear director de obra ao enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González.

## **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

### **PRP2021/3120**

Visto o expediente de gasto INT/2021/534 integrado pola relación de facturas F/2021/101 por importe de 33.035,82€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal mediante informe incorporado ao expediente.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de obriga para os xustificantes de gasto engadidos na relación F/2021/100, polos importes e con cargo as aplicacións que de seguido se indica:

REG.	Documento	Fecha Dto.	Importe	Pror.	Econ.	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2021/3862	210001259 0	01/06/2021	30,00	9201	22706	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	INTERVENCION MANO DE OBRA ( PEDIDO REALIZADO POR RESPONSABLE DE INFORMATICA : JUAN LUIS NUÑEZ TOURIS instalación tarjeta
F/2021/4242	Rect-202100 440	09/06/2021	290,40	320	212	PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U.	Rect. 202100 440 / TRATAMIENTO DESINSECTACIÓN CONTRA TERMITA, INSTALACIÓN Y CONTROL ( DE CEBADEROS EN EL CEIP RUBIANES.
F/2021/4583	*ADM21 389	29/06/2021	635,25	432	203	VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.	ALQUILER DE PLANTA / ARBOLES EN ALQUILER / ALQUILER DE OLIVO EJEMPLAR / CONSELLERIA DE XUVENTUDE-EVENTO FERIA DO LIB
F/2021/4609	D01 6033	30/06/2021	2.076,36	132	22104	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	PANTALON P.L ALDAN PA-240 ( - ) / BOTA PATROL HIGH REF:2890003 ( P.LOCAL AUXILIAR PABLO SENRA MARTÍNEZ ) / PANTALON
F/2021/4658	02148000017021F	30/06/2021	3.618,12	3321	22700	CLECE, S.A.	BIBLIOTECAS: CASA DE LA CULTURA DE VILAGARCIA DE AROUSA, BIBLIOTECA, ASEOS Y ZONAS COMUNES Junio de 2021ZONAS COMUNES /
F/2021/4676	01 00101--- 21000792	30/06/2021	484,00	926	22641	RADIO PONTEVEDRA, S.A.	HORA 14 DIARIO / HORA 14 DIARIO / HORA 14 DIARIO / HORA 14 DIARIO / HORA 14 DIARIO / HORA 14 DIARIO / H
F/2021/4724	083/21	30/06/2021	579,30	920	22000	PAPELERIA ARINES, C.B.	SUBM. MATERIAL DE OFICINA. ADMÓN XERAL.
F/2021/4745	GLFA2102098	30/06/2021	129,38	2311	22110	SRCL CONSENUR, S.L.U.	SUContenedorBiotrex60N ( Surcursal 001:SPAD - GUMERSINDO NARTALLO 9,36600 VILAGARCÍA DE AROUSA ) / SUEnvaseBiocompact5A
F/2021/4945	V-FAC+37/ F2021/00000007	30/06/2021	77,86	2311	22617	SERVICIO, CULT., DEP. Y RECREACIÓN, S.L.	PRESTACION SERVICIOS PISCINA MUNICIPAL 3 cuotas mensuales del mes de Junio/ responsable Blanca R. Vazquez Cossal
F/2021/4950	FQ FQ0003928	30/06/2021	284,95	3261	22699	PONTEVICUS, S.L.U.	VASOS CARTON CORRUGADO 25CL KRAFT IFA SA / CUCHARAS DE MADERA IFA SABE 10 UNIDADES / SERVILLETAS BLANCAS 30X30 IFA SABE

F/2021/5007	202105171	30/06/2021	80,56	4312	22199	CASTROMAN I, S.L.	ORBAFOAM FIJ60SEG ERGO CANULA SPFR750 AMARILLO / CEYS MS-TECH TRANSPARENTE CARTUCHO / reparar tejado y cristalera plaza
F/2021/5011	202105174	30/06/2021	136,35	132	22199	CASTROMAN I, S.L.	REFLECTOR GUANTE POLIAMIDA PALMA LATEX T- 9 / BRIDA NYLON 200X4,8 NEGRA / BRIDA NYLON NEGRA 4.8X200 BOLSA 100 / KIT CERRA
F/2021/5033	FV 20210910	06/07/2021	91,55	2311	22199	BIOGAL, S.A.	Frasco PP 60ml, granel, t/rosca hermética C/600 / Bolsa cierre hermética 60x80mm c/banda C/1000
F/2021/5047	V 691	30/06/2021	5,50	912	22699	DISBEPO, S.L.	SANXINES BOTELLONES 18.9L / Organos De Gobierno / Mon Reiris
F/2021/5048	V 692	30/06/2021	253,00	221	16201	DISBEPO, S.L.	SANXINES BOTELLONES 18.9L / Administracion General / Mon Reiris
F/2021/5053	V 543	31/05/2021	346,50	221	16201	DISBEPO, S.L.	SANXINES BOTELLONES 20L / SANXINES BOTELLONES 20L / ADMINISTRACION GENERAL / MON REIRIS
F/2021/5054	V 709	02/07/2021	19,80	4311	22199	DISBEPO, S.L.	AUGAS PARA REALIZAR ""SHOW-COOKINGS"" E EVENTOS GASTRONÓMICOS DENTRO DAS XORNADAS ""ESPAVILA 2021""
F/2021/5081	PA4 PA4/000019539	09/07/2021	420,00	3321	22001	EDICIONES EL PAIS, S.L.	859405/1 - BIBLIOTECA PUBLICA MUNICIPAL ROSALIA DE CASTRO. Nº pedido: 859405/1. Nº albarán: 859405/1. Publicación: Diari
F/2021/5084	2021/0001579	30/06/2021	609,84	926	22602	FARO DE VIGO, S.A.	Publicidad: A0000003853 Tamaño: 1X1 CONCELLO DE VILAGARCIA - 19/06/2021 ( _ )
F/2021/5099	C- 002065	13/07/2021	133,68	920	22000	PAPERSTORE, S.L.	MON REIRIIS / ALBARAN C- 003001 DEL 21/06/2021 / 1530102-+ARCHIVO DEFINITIVO FOLIO PROLONGA FOLDER / 115450101-BOLIGRAFO
F/2021/5105	A 2100479	09/07/2021	144,45	926	22000	SKETCH SYSTEM, S.L.	COPIA COLOR A3 KONICA MINOLTA C658 ( PERIODO DE FACTURACIÓN: 20/05/21 al 11/06/21 SOLICITADO POR: MANUEL VILARONGA GARCÍ
F/2021/5140	10 4081	30/06/2021	18,62	3321	22000	ESPACIO DO LECTOR, S.L.	CINTA ADHESIVA INVISIBLE (33MX19MM) - SCOTCH
F/2021/5142	10 4086	30/06/2021	151,98	3321	22001	ESPACIO DO LECTOR, S.L.	(DVD) CINE GOYA 2020 ""EL PLAN"" - PAIS (Nº: 00012) / INVERSION Y FINANZAS (Nº: 01237) / COSAS DE CASA (Nº: 00294) / SPEAK

F/2021/5144	10 4083	30/06/2021	42,20	912	22001	ESPACIO DO LECTOR, S.L.	FARO DE VIGO (Sábado) (Nº: 10605) / LA VOZ DE GALICIA (Sábado) (Nº: 10605) / DIARIO DE AROUSA (Sábado) (Nº: 10605) / LA
F/2021/5146	10 4098	30/06/2021	266,72	912	22699	ESPACIO DO LECTOR, S.L.	(G) NUS / REINA SOLA LA / CATEDRAL DEL MAR LA / (G) FARIÑA / PUERTA LA / LO QUE LA MAREA ESCONDE / (G) INFAMIA / (G) O U
F/2021/5148	10 3730	31/03/2021	45,80	912	22001	ESPACIO DO LECTOR, S.L.	DIARIO DE AROUSA (Sábado) (Nº: 10306) / FARO DE VIGO (Sábado) (Nº: 10306) / LA VOZ DE GALICIA (Sábado) (Nº: 10306) / LA
F/2021/5165	253 2021	14/07/2021	234,26	3261	22199	BAÑOS PRINT, S.L.	lonas escenario y display
F/2021/5170	Emit- 254	15/07/2021	425,68	926	22199	BAÑOS PRINT, S.L.	vinilos suelo / vinilos accesos y ventanas / vinilos reservado
F/2021/5190	1821	08/07/2021	338,80	3261	22799	DURAN RECUNA, CRISTINA	XESTIÓN, MANTEMENTO E CREACIÓN DE CONTIDOS RRSS FESTIVAL CLASCLAS MAIO 2021. CONSERVATORIO.
F/2021/5191	000144	24/06/2021	235,95	3261	22601	INDUSTRIAS SAN JOSE, C.B.	3 CAMELIAS PLATA FESTIVAL CLASCLAS
F/2021/5295	VL 29229	19/07/2021	1.028,50	161	22699	ESPINA Y DELFIN, S.L.	ALQUILER GRUPOS ELECTROGENOS OBRAS CARRIL BICI A VILAXOAN: ALQUILER GRUPOS ELECTROGENOS EDAR VILAGARCIA (PRETRATAMENT
F/2021/5299	21 4260	07/07/2021	26,00	3321	22199	SOBRINO G., S.A.	LLAVE BRUTO SEG.LATÓN LIN-21D / LLAVE BRUTO A JIS-1D / LLAVE BRUTO A TE-28 / LLAVE BRUTO A MCM-4D / REGLETA 6 T/T BCA 1,
F/2021/5324	F 211070	22/07/2021	212,96	920	22000	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	Cartas a 3/0 tintas REF.:ALCALDIA
F/2021/5326	A 438	17/06/2021	241,94	432	22612	VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD, S.L.	Bandera rectangular confeccionada en sentido vertical elaborada en tela 100% poliéster de 115g / m², cuenta con una vai
F/2021/5352	Emit- 279	23/07/2021	87,73	171	22199	INTERMACO, S.L.	M. CUERDA ESPARTO 10 mm ( Nº ALBARAN 2323 RESPONSABLE DE COMPRAS DOLORES BARREIRO ) / TORNILLO SPAX 6*50 ( Nº ALBAAN 2
F/2021/5382	V2021 1503	21/07/2021	4.310,53	4591	212	MADERAS REDONDO, S.L.	J. PINO ROJO TRATADO5 CEPILL.Y BOLEADO / PINO ROJO TRATADO DECK U/S Y CEP. / TORNILLO ABC 4,5*50 / BIT 7042 DR PZ 2X50 / B
F/2021/5385	210001658 0	22/07/2021	144,67	9201	22002	SERV. TEC. NOROESTE, S.L.	I. LATIGUILLO RJ45 CAT 6 3M ( RESPONSABLE SOLICITUD:

							DEP INFORMATICA JUAN LUIS NUÑEZ TOURIS ) / LATIGUILLO 5 M CAT 6 ( PED
F/2021/5387	2021 202112393	22/07/2021	2.348,91	931	22706	ESPUBLICO SERV. PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A.	PLATAFORMA HACIENDA LOCAL CONTENIDO EDITORIAL. DEL 13/04 A 12/05 / PLATAFORMA HACIENDA LOCAL CONTENIDO SERVICIOS. DEL 13
F/2021/5390	TVI21 1327	26/07/2021	178,75	132	214	DALONGA, S.A.	PILOTO TRA COMPLETO LAD DERECHO SUSTITUCION SOBRE VEH ( MAT 0910JGR MODELO CITROEN C4 CACTUS ORDEN DE COMPRA 9153 CODIGO
F/2021/5393	2021 40	26/07/2021	272,22	2311	22002	ARENAS RAMIREZ, FRANCISCO	PEDIDO Y ENTREGADO SR. JUAN LUIS NUÑEZ DPTO. INFORMATICA , ALBARAN Nº 59/21 ( 5-07 ) "" S.P.A.D. "" TONER NEGRO HP Nº130A
F/2021/5394	2021 42	26/07/2021	301,21	9201	22002	ARENAS RAMIREZ, FRANCISCO	PEDIDO Y ENTREGADO SR. JUAN LUIS NUÑEZ DPTO. INFORMATICA ALBARAN 60/21 ( 5-07 ) CONTENIDO ...-- TINTA HP Nº344 TRICOLOR R
F/2021/5395	2021 39	26/07/2021	371,52	9201	22002	ARENAS RAMIREZ, FRANCISCO	PEDIDO Y ENTREGADO SR. JUAN LUIS NUÑEZ DPTO. INFORMATICA ALBARAN Nº56/21 ( 2-07 ) CONTENIDO ...-- PEN-DRIVE KINGSTON 32GB
F/2021/5396	2021 45	26/07/2021	233,28	9201	22002	ARENAS RAMIREZ, FRANCISCO	PEDIDO Y ENTREGADO SR. JUAN LUIS NUÑEZ DPTO. INFORMATICA ALBARAN Nº 65/21 ( 20-07 ) CONTENIDO ...-- TONER BROTHER REF. TN
F/2021/5408	43587286	28/07/2021	249,04	920	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	MGS PYME / Póliza 31995565 / Periodo de cobertura: del 26-07-2021 al 01-01-2022 / ACTIVIDAD AYUNTAMIENTO
F/2021/5415	FV 20210959	27/07/2021	19,78	2311	22199	BIOGAL, S.A.	Bolsa Zip-Lock, con banda 70x110mm C/1000
F/2021/5421	032321 -645	28/07/2021	197,23	132	214	NEUS J. SANTORUM, S.L.	225/45 R 17 94Y PIRELLI POWERGY MATRICULA 2160CMP / KIT MONTAJE NEUMATICO / S.I. GESTION NFU (RD1619/2005) CATEG-B
F/2021/5422	032321 -653	28/07/2021	192,99	132	214	NEUS J. SANTORUM, S.L.	185/75 R 16 104R TRENTA 2 SAVA MATRICULA 517IDLH / KIT MONTAJE NEUMATICO / S.I. GESTION NFU (RD1619/2005) CATEG-C
F/2021/5426	A 210367	27/07/2021	363,00	432	22612	MUSTRAMIT, S.L.	Actuació/n / Sol. Num. 210618144454 / Laura Zeltia Acuña Barros - 53614240K / Carlos Miguel Carballido Cernadas - 767323
F/2021/5447	TV/2021/00004	29/07/2021	4.446,75	170	22799	TEIMAS	TROPA VERDE VILAGARCÍA

						DESENVOLVEMENTO, S.L.	( Partida 1 - Licenza --linebreak-- Partida 2 - Material necesario - merchandising --linebreak--
F/2021/5453	F21E-00414	20/07/2021	1.573,00	132	213	TRADESEGUR, S.A.	Caja de 25 kits indiciarios Sotoxa para análisis de 5 sustancias. / Caja de 25 Quantisal para recogida de 2ª muestra
F/2021/5463	Emit- 12337	30/07/2021	143,93	132	22000	IMPRESA AGQ, S.L.	plastificados carnets / 1 paquete 10 blocs grua
F/2021/5464	LT 210084	30/07/2021	140,57	132	213	TALLERES ELECT. DE PONTEVEDRA, S. COOP.	Alquiler repetidor Monte Xiabre / MES: JULIO
F/2021/5483	0780200192	31/07/2021	332,94	926	22602	RADIO POPULAR, S.A.	ROCK FM PONTEVEDRA-ROCK FM ( CONCELLO VILAGARCIA ) / C-100 RIAS BAIXAS-CADENA 100 ( CONCELLO VILAGARCIA ) / COPE PONTE
F/2021/5489	21F0002	04/07/2021	315,00	334	22609	ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	PASARRÚAS SAN PEDRO CORNAZO (VILAGARCÍA DE AROUSA) 04/07/2021.
F/2021/5490	21F0001	12/06/2021	315,00	334	22609	ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	FESTAS SAN ANTONIO GUILLÁN VILAGARCÍA DÍA 12-06-2021.
F/2021/5491	1721	27/07/2021	193,60	926	22602	JUEGUEN GARCIA, PABLO	PUBLICIDADE EN FACEBOOK E INSTAGRAM DO EVENTO ""VILAGARCÍA, CIDADE DE LIBRO"". ÁREA DE COMUNICACIÓN SOCIAL.
F/2021/5492	2/21	19/02/2021	1.815,00	920	22604	GONZALEZ GARRIGA, JOSE RAMON	PROCEDIMIENTO ORDINARIO 27/2020 JUZGADO DE LO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº2 PONTEVEDRA.
F/2021/5494	Emit- 16	02/08/2021	233,14	133	200	ALVAREZ CONCHADO E HIJOS, S.A.	Por el arrendamiento de las fincas de nuestra propiedad, sitas en Vilagarcia de Arousa, Rúa Francisco Porto Rey nº3 y nº
F/2021/5501	REP-21 007	31/07/2021	215,33	334	22602	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	Reparto material publicitario de las actividades de caracter cultural.
F/2021/6126	0/2021/2352	31/07/2021	292,40	334	225	AUTORIDAD PORTUARIA DE VILAGARCIA	LIQUIDACIÓN OCUPACIÓN DOMINIO PÚBLICO PARQUE PÚBLICO E AUDITORIO. 2º SEMESTRE 2021. CULTURA.
F/2021/6129	0/2021/2353	31/07/2021	32,04	334	225	AUTORIDAD PORTUARIA DE VILAGARCIA	SANCIÓN E RECARGOS. RECARGO EJECUTIVO POR PAGO FUERA DE PERIODO VOLUNTARIO. CULTURA.
		TOTAL	33.035,82				

**PRP2021/3116**

Visto o expediente de gasto INT/2021/536 integrado pola relación de xustificantes F/2021/103 de TECHCO SEGURIDAD, S.L. por importe de 470,72€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2021/103, por importe de 470,72 €, co seguinte desglose:

REG.	Documento	Fecha Doc.	Importe	Progr.	Econ.	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2021/5476	FVT41021193	31/07/2021	72,84	323	213	TECHCO SEGURIDAD, S.L.	,MANTENIMIENTO Julio 2021,ESCOLA INFANTIL VILAXOAN,MIRAMAR, S/N. VILAXOAN,VILAGARCIA DE AROUSA,36600,PONTEVEDRA / ,CONEX
F/2021/5477	FVT41021195	31/07/2021	60,50	2311	213	TECHCO SEGURIDAD, S.L.	,MANTENIMIENTO Julio 2021,SPAD,GUMERSINDO NARTALLO, 9,VILAGARCIA DE AROUSA,36600,PONTEVEDRA / ,CONEXIÓN Julio 2021,SPAD,
F/2021/5478	FVT41021202	31/07/2021	186,13	334	213	TECHCO SEGURIDAD, S.L.	,MANTENIMIENTO Julio 2021,AUDITORIO,DA MARIÑA, S/N,VILAGARCIA DE AROUSA,36610,PONTEVEDRA / ,CONEXIÓN Julio 2021,AUDITORI
F/2021/5479	FVT41021197	31/07/2021	20,17	432	213	TECHCO SEGURIDAD, S.L.	,MANTENIMIENTO Julio 2021,MUSEO FERROCARRIL,ROSALIA DE CASTRO, 100,VILAGARCIA DE AROUSA,36610,PONTEVEDRA / ,CONEXIÓN Jul
F/2021/5480	FVT41021194	31/07/2021	50,41	920	213	TECHCO SEGURIDAD, S.L.	,MANTENIMIENTO Julio 2021,CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA,RAVELLA, 1,VILAGARCIA DE AROUSA,36600,PONTEVEDRA / ,CONEXIÓN
F/2021/5481	FVT41021196	31/07/2021	60,50	323	213	TECHCO SEGURIDAD, S.L.	,MANTENIMIENTO Julio 2021,ESCOLA INFANTIL GALIÑA AZUL,OS ANXOS, 9. CARRIL,VILAGARCIA DE AROUSA,36610,PONTEVEDRA / ,CONEX
F/2021/5482	FVT41021198	31/07/2021	20,17	241	213	TECHCO SEGURIDAD, S.L.	,MANTENIMIENTO Julio 2021,EDIFICIO MATOSINHOS,MATOSINHOS, 1,VILAGARCIA DE AROUSA,36610,PONTEVEDRA / ,CONEXIÓN Julio 2021
		TOTAL	470,72				

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:09 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.